

ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE, A TRAVÉS DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE, E A CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN PARA A PROMOCIÓN DA INTEGRACIÓN NO MERCADO LABORAL DE PERSOAS CON TRASTORNO MENTAL GRAVE

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

REUNIDOS

Dunha parte, Natalia Lobato Mosquera, Secretaria Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, de acordo co establecido no Decreto 144/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Sanidade así como co establecido no artigo 29 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia

Doutra parte, Joaquín Macho Canales, Secretario Xeral Técnico da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración de acordo co establecido Decreto 147/2024, de 20 de maio polo que se establece a estrutura orgánica da consellería de Emprego, Comercio e Emigración así como no disposto no artigo 29 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia

Ambas as partes recoñécense capacidade e representación suficientes para formalizar o presente Acordo de colaboración, e na súa virtude

EXPOÑEN

Primeiro.- O Servizo Galego de Saúde, organismo autónomo creado pola Lei 1/1989, do 2 de xaneiro, do servizo galego de saúde, e adscrito á Consellería de Sanidade, ten atribuídas as competencias precisas para o desenvolvemento de todas as áreas que configuran o concepto integral de saúde, xestionando a sanidade en todas as súas facetas, de conformidade co previsto no Título VI da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

Segundo.- O Decreto 145/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, determina que a Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria, a través da Subdirección Xeral de Atención á Saúde Mental e do seu servizo de Atención á Saúde Mental e Integración Psicosocial e Trastorno Mental Grave, é a responsable da coordinación da rede de



servizos e recursos sociosanitarios vencellados ao coidado e a rehabilitación no trastorno mental grave.

Terceiro.- Mediante o Decreto 289/1997, do 9 de outubro, sobre asunción do traspaso á Comunidade Autónoma de Galicia mediante Real decreto 1375/1997, do 29 de agosto, da xestión realizada polo Instituto Nacional de Emprego no ámbito do traballo, o emprego e a formación, e a súa asignación á Consellería de Familia, Muller e Xuventude, a Comunidade autónoma de Galicia asumiu as funcións e servizos transferidos pola Administración do Estado relativos á xestión realizada polo Instituto Nacional de Emprego no ámbito do traballo, o emprego e a formación.


A través do Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, do Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, e do Decreto 147/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, esta consellería asume o exercicio das competencias e funcións, entre outras materias, no relativo ás políticas activas de emprego.

Pola súa parte, a Disposición adicional segunda do Real decreto 818/2021, do 28 de setembro, polo que se regulan os programas comúns de activación para o emprego do Sistema Nacional de Emprego, establece que as comunidades autónomas poderán desenvolver programas propios adaptados á realidade do seu ámbito territorial, ao abeiro do cal a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración vén desenvolvendo programas para incentivar e favorecer a contratación de persoas desempregadas, especialmente das que teñen maiores dificultades de inserción laboral.

Neste contexto ten perfecto encaixe o obxecto deste acordo, que non é outro que o fomento da integración laboral das persoas con trastorno mental grave.

Cuarto.- A Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, regula a colaboración no ámbito do sector público autonómico.

Así, o artigo 7 sinala que *“as relacións entre os órganos da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e as entidades instrumentais que integran o sector público están suxeitas aos principios de cooperación, colaboración e asistencia recíproca a fin de garantir a eficacia do sector público e o uso eficiente dos recursos públicos.*



Entenderase por colaboración e cooperación o traballo en común dos órganos da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades instrumentais ou a unión coordinada das súas accións para a consecución dun obxectivo, a execución dun proxecto ou a consecución dun resultado tamén común."

A propia Lei 14/2013, do 26 de decembro, establece os instrumentos a través dos cales darase forma ao indicado anteriormente; así, o seu artigo 14 indica que *"a Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades do sector público, ou estas entre elas, poderán formalizar acordos de colaboración ou cooperación para o servizo aos intereses xerais mediante o desempeño conxunto de tarefas de interese público da súa competencia.*

A colaboración ou cooperación consistirá na participación conxunta e efectiva no desenvolvemento da actividade común, mediante achegas de traballos de organización, medios persoais e materiais ou recursos financeiros para a finalidade compartida, de acordo coas respectivas competencias, sendo sempre diferente das estruturas contractuais onerosas reguladas na lexislación de contratos do sector público".

Quinto.- O Decreto 389/1994, do 15 de decembro, polo que se regula a saúde mental en Galicia, establece as directrices xerais de actuación na saúde mental e na asistencia psiquiátrica, a regulación dos dispositivos dirixidos á promoción e protección da saúde mental, a prevención das enfermidades psíquicas e a asistencia, rehabilitación e integración dos enfermos mentais.

A rehabilitación psiquiátrica constitúe un proceso onde a meta é axudar ás persoas con discapacidade psíquica para lograr a súa integración na comunidade e mellorar o seu funcionamento psicosocial, de modo que lles permita manter na súa contorna social e familiar unhas condicións o máis normalizadas e independentes posibles.

Asegurar que estas persoas poidan recuperar e/ou adquirir aquelas habilidades psíquicas, emocionais, sociais e intelectuais que cada unha necesita para vivir, aprender, traballar e relacionarse na comunidade co maior grao posible de autonomía e independencia, debe ser, polo tanto, o fin último de rehabilitación.

Para levar a cabo esta rehabilitación, adquire unha gran importancia a efectiva integración no mercado laboral destas persoas.

A confluencia de intereses entre as dúas consellerías converte a figura do Acordo de colaboración prevista no artigo 14 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, como a idónea para dar efectivo cumprimento á consecución da perseguida integración psicosocial e laboral, no que as



partes asinantes colaboran para acadar o interese xeral perseguido mediante o desempeño conxunto de tarefas de interese público.

Sexto.- No marco do Programa FSE+ Galicia 2021-2027, o Servizo Galego de Saúde pretende facilitar a integración no mercado laboral do maior número posible de persoas con trastorno mental severo a través dos centros de rehabilitación psicosocial e laboral da Comunidade, implantando un novo modelo no que as persoas usuarias destes centros sexan guiadas cara itinerarios formativos que terán como obxectivo a adquisición dun emprego remunerado.

A integración laboral destas persoas realizarase mediante dúas operacións: dunha banda, a contratación polo Servizo Galego de Saúde para a provisión de prazas nos centros de rehabilitación psicosocial e laboral, e doutra, a tramitación das correspondentes subvencións a distintas entidades por parte da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración co fin de acadar a integración no mercado laboral das persoas seleccionadas nestes centros.

Ambas as dúas operacións están cofinanciadas nunha porcentaxe do 60% pola Unión Europea, sendo a contía total de 15.337.280,00€ (9.202.368 € de axuda FSE+ e 6.134.912 € de fondos propios do organismo xestor).

Tendo en conta o anterior, a Consellería de Sanidade, a través do Servizo Galego de Saúde, e a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración manifestan a súa vontade de colaboración e, con tal finalidade, acordan a sinatura deste Acordo de colaboración con suxeición ás seguintes.

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

O obxecto deste acordo é establecer as pautas que se seguirán na colaboración entre a Consellería de Sanidade, a través do Servizo Galego de Saúde, e a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración para a promoción da integración laboral das persoas con trastorno mental grave.

Segunda.- Compromiso das partes

O Servizo Galego de Saúde comprométese a transferir á Consellería de Emprego, Comercio e Emigración 1.000.000 € (un millón de euros) conforme ao establecido na cláusula terceira, así como a poñer a disposición da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración o persoal necesario para coordinar o correcto desenvolvemento das actuacións obxecto deste acordo.



Pola súa parte, a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración comprométese a tramitar e resolver as subvencións destinadas á promoción da integración laboral das persoas con trastorno mental grave.

Terceira.- Financiamento

O importe para o ano 2026 é de 1.000.000 € (un millón de euros), que serán achegados pola Consellería de Sanidade con cargo á aplicación orzamentaria 12.01.411A.4307 (código de proxecto 2023 00131). Este crédito dotouse nos orzamentos do Servizo Galego de Saúde na aplicación orzamentaria 50.01.412B.48106, código de proxecto 2023 00009.

Para elo, tras a sinatura do acordo, realizarase a correspondente modificación orzamentaria e a ampliación de crédito nas aplicacións determinadas pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración coa conseguinte baixa de crédito no orzamento do Servizo Galego de Saúde.

A partires do exercicio 2027, a Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria deixará de ser órgano xestor, polo que o orzamento para esta operación será incluído nas correspondentes aplicacións orzamentarias da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración no proxecto de Lei de orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia.

Cuarta.- Normas aplicables á actuación cofinanciada pola FSE+

A actuación será cofinanciada nunha porcentaxe do 60 % pola Unión Europea no marco do Programa FSE+ Galicia 2021-2027 e, en particular, no obxectivo político 4: “unha Europa máis social e inclusiva, por medio da aplicación do pilar europeo de dereitos sociais”; Prioridade 2 “Inclusión social e loita contra a pobreza”, Obxectivo específico ESO4.11 “Mellorar a igualdade e a oportunidade de acceso a uns servizos de calidade, sostibles e asequibles, incluíndo os servizos que propicien o acceso á vivenda e coidados centrados nas persoas, especialmente a sanidade; modernizar os sistemas de protección social, especialmente o fomento do acceso á protección social, cunha atención particular aos nenos e os colectivos desfavorecidos; mellorar a accesibilidade, tamén para persoas con discapacidade, a efectividade e a resiliencia dos sistemas de asistencia sanitaria e de dependencia” e á Medida 2.K.03. Novo modelo de atención sociosanitaria comunitaria dirixido a persoas con trastorno mental severo.

Ao tratarse dunha actuación cofinanciada pola Unión europea, é de aplicación e darase debido cumprimento ao Regulamento (UE) 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello do 24 de xuño de 2021 polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo Plus, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo de



Transición Xusta ao Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura, así como as normas financeiras para os ditos Fondos e para o Fondo de Asilo, Migración e Integración, o Fondo de Seguridade Interior e o instrumento de Apoio Financeiro á Xestión de Fronteiras e Política de Visados; ao Regulamento (UE) 2021/1057 do Parlamento Europeo e do Consello do 24 de xuño de 2021 polo que se establece o Fondo Social Europeo Plus (FSE+) e polo que se derroga o Regulamento (UE) núm. 1296/2013; e a Orde TES/106/2024, do 8 de febreiro, pola que se determinan os gastos subvencionables polo Fondo Social Europeo Plus durante o período de programación 2021-2027.

Quinta.- Comisión de Seguimento

Para o seguimento e toma de decisións en relación ao presente Acordo constituirase unha Comisión Mixta de Seguimento integrada por dous representantes de cada unha das partes.

- Por parte do Servizo Galego de Saúde: a persoa titular da Subdirección Xeral de Atención á Saúde Mental e a persoa que desempeña a xefatura do servizo de Saúde Mental e Integración Psicosocial e Trastorno Mental Grave, ou persoas en quen deleguen.
- Por parte da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración: a persoa titular da Subdirección Xeral de Formación para o Emprego e a persoa titular da Subdirección Xeral de Emprego ou persoas en quen deleguen.

Ás reunións da Comisión Mixta de Seguimento poderá asistir en calidade de asesor o persoal que, no seu caso, determine cada unha das partes integrantes da mesma.

Serán funcións da Comisión Mixta de Seguimento a coordinación e seguimento das actuacións realizadas ao abeiro deste Acordo, debendo coñecer de calquera cuestión que poda xurdir sobre a súa interpretación, modificación, resolución e efectos.

Esta Comisión reunirse polo menos dúas veces ao ano, por petición de calquera das partes e nas circunstancias excepcionais que así o aconsellen, e adoptará os seus acordos por consenso. As reunións poderán realizarse presencialmente ou mediante medios telemáticos, quedando constancia nunha acta dos acordos acadados.

Sexta.- Vixencia do acordo

Este acordo producirá os seus efectos a partir da data da súa sinatura e a súa vixencia estenderase ata o momento en que finalicen as actuacións nel previstas, cos prazos previstos no Programa Operativo do FSE+ Galicia 2021-2027.



Sétima. Modificación é resolución do acordo

As partes poderán modificar o presente Acordo, por consentimento mutuo, cando resulte necesario para a mellor realización do seu obxecto, o que se formalizará mediante o correspondente acordo de modificación que requirirá a sinatura dun novo instrumento xurídico.

O presente Acordo extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en algunha das causas de resolución.

Son causas de resolución:

- a) O acordo unánime da partes asinantes.
- b) O incumprimento das obrigas e compromisos adquiridos por calquera das partes asinantes.
- c) Por decisión xudicial declaratoria de nulidade do Acordo.

Oitava.- Réxime xurídico e resolución de conflitos

Este Acordo de colaboración ten carácter administrativo e os seus efectos rexeranse polo establecido nas súas cláusulas, na Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico e na normativa xeral que lle sexa de aplicación.

Ás cuestións litixiosas que poidan xurdir na interpretación e cumprimento deste acordo de colaboración, seranlle de aplicación o establecido no art. 18 da Lei 14/2013, de 26 de decembro.

Novena.- Natureza xurídicas

Este Acordo de colaboración encádrase dentro dos medios e instrumentos que o artigo 10 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, prevé para facer efectiva a colaboración entre os órganos da Administración xeral da Comunidade autónoma de Galicia e as entidades instrumentais que integran o sector público autonómico.

Décima.- Rexistro de convenios e Transparencia.

As partes asinantes outorgan o seu consentimento para que os datos persoais e o resto das especificacións que constan neste Acordo sexan publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, de acordo co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e en concordancia cos artigos 14 e seguintes da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.



O presente Acordo será obxecto de inscrición no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, nos termos previstos no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

E, en proba de conformidade as partes asinan este Acordo, na data da sinatura dixital.

A secretaria xeral técnica da Consellería de
Sanidade

O secretario xeral técnico da Consellería de
Emprego, Comercio e Emigración

Natalia Lobato Mosquera

Joaquín Macho Canales

